

# I. Disposicións xerais

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**91** *REAL DECRETO 1380/2002, do 20 de decembro, de identificación dos produtos da pesca, da acuicultura e do marisqueo conxelados e ultraconxelados.* («BOE» 3, do 3-1-2003.)

A Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, establece no seu título III a normativa básica de comercialización dos produtos pesqueiros, e ten por obxecto a regulación da normalización dos devanditos produtos e a súa correcta identificación para os efectos dunha maior transparencia do mercado e información veraz ó consumidor en toda a cadea de comercialización, que comprende desde que se realizou a primeira venda ata a súa chegada ó consumidor final.

O Regulamento (CE) número 104/2000 do Consello, do 17 de decembro de 1999, polo que se establece a Organización Común de Mercados (OCM) no sector dos produtos da pesca e da acuicultura, fixa como obxectivo a consecución dunha OCM que recolla, entre outros aspectos, un réxime de prezos, un réxime de intercambios comerciais e un conxunto de normas comúns de comercialización.

Así mesmo, deberá terse en conta o Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba a Norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, así como o Real decreto 1109/1991, do 12 de xullo, polo que se aproba a Norma xeral relativa ós alimentos ultraconxelados destinados á alimentación humana.

A crecente variedade da oferta de produtos pesqueiros conxelados fai necesario que o consumidor teña unha información precisa da especie e da súa orixe, non só en canto a zona de captura, senón tamén en canto ó método de produción, a captura ou o cultivo mariño, así como das súas características esenciais.

De conformidade coa normativa exposta e, en particular, co establecido no artigo 78 da citada Lei 3/2001 e no artigo 4 do Regulamento (CE) número 104/2000, o presente real decreto regula a identificación dos produtos conxelados e ultraconxelados, procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura, a través da etiquetaxe, a súa presentación e publicidade.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, o Consello de Consumidores e Usuarios e as entidades representativas dos sectores afectados. Ademais, emitiu informe a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Así mesmo, foi remitido á Comisión da Unión Europea e ós demais estados membros, de conformidade co previsto no artigo 19 da Directiva 2000/13/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de marzo de 2000, relativa á aproximación das lexislacións dos estados membros en materia de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios.

Este real decreto díctase ó abeiro da habilitación conferida ó Goberno pola disposición derradeira segunda da Lei 3/2001.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de decembro de 2002,

**DISPÕÑO:**

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regula-la información que debe incluírse na etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura, conxelados e ultraconxelados, referente ás denominacións comerciais e científicas de especies pesqueiras, as súas zonas de captura e referencia ó seu método de obtención.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. A regulación contida neste real decreto será de aplicación ós produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura, sometidos en todo ou en parte, nalgunha das súas fases de elaboración, ás operacións de conxelación ou ultraconxelación, xa se leven a cabo os procesos de preparación e transformación con carácter previo ou posterior á conxelación ou ultraconxelación.

2. A aplicación deste real decreto afecta tódolos operadores económicos que interveñen nas distintas fases da comercialización dos devanditos produtos, desde a exposición á primeira venda ata a venda ó consumidor final.

3. Quedan excluídos da aplicación deste real decreto:

a) As preparacións e conservas de peixe, caviar e os seus sucedáneos preparados con ovas de peixe, incluídos nas partidas do Código NC 1604.

b) Os crustáceos, moluscos e demais invertebrados acuáticos, preparados ou conservados, incluídos nas partidas do Código NC 1605.

Artigo 3. *Identificación dos produtos.*

1. A información obrigatoria da etiquetaxe dos produtos conxelados e ultraconxelados deberá conter a especie, a zona de captura ou procedencia e o método de produción.

2. Tódolos produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto deberán levar no envase e na embalaxe correspondentes, e en lugar ben visible en caracteres lexibles e indelebles, as seguintes especificacións:

a) Denominación comercial e científica da especie.  
b) Método de produción:

1.º Pesca extractiva ou pescado.

2.º Pescado en augas doces.

3.º Criado ou acuicultura ou marisqueo.

c) Zona de captura ou de cría, conforme o establecido no anexo deste real decreto.

No caso de especies pesqueiras que, polo seu tamaño ou outras razóns físicas, se comercialicen en envases ou embalaxes especiais, no documento que acompaña a especie durante a súa comercialización deberán reflectirse as mesmas especificacións referidas neste punto.

3. Cando os produtos conxelados sexan, na venda polo miúdo, presentados ó consumidor final sen envase, a información será exposta nunha taboíña ou cartel sobre o produto ou próximo a el, e deberá incluí-las seguintes especificacións:

- a) Denominación comercial da especie.
- b) Método de produción:
  - 1.º Pesca extractiva ou pescado.
  - 2.º Pescado en augas doces.
  - 3.º Criado ou acuicultura ou marisqueo.
- c) Zona de captura ou de cría, conforme o establecido no anexo deste real decreto.
- d) Forma de presentación comercial: enteiro, filetes e outros.
- e) Denominación: produto conxelado.

4. Tódalas especies incluídas nas denominacións de gamba que se presenten peladas e sen cabeza poderán denominarse «gamba pelada».

Tódalas especies incluídas nas denominacións de lagostino e lagostino austral ou gambón, que se presenten peladas e sen cabeza, poderán denominarse «langostino pelado».

5. Os produtos desconxelados para seren postos directamente de novo á venda no mercado presentados como frescos deberán ir acompañados, ademais da data de caducidade, dunha mención que indique que se trata dun produto desconxelado.

6. Toda a información obrigatoria, tanto a contida na lexislación vixente como a especificada neste artigo, deberá acompañalo produto nas diversas fases de comercialización, desde a primeira exposición á venda ata o consumidor final, incluíndo o transporte e a distribución.

7. A información esixida no punto 1 deste artigo poderase presentar, se é o caso, conforme o disposto no artigo 17.1 do Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba a Norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios.

8. As especificacións establecidas nos puntos 1, 2 e 3 deberán figurar nunha etiqueta cunhas dimensións mínimas de 9,50 centímetros de lonxitude e 4 centímetros de altura, en caracteres lexibles e indelebiles.

9. As comunidades autónomas con lingua cooficial distinta do castelán poderán establecer que as especificacións establecidas nos puntos 1, 2 e 3 figuren en castelán ou en texto bilingüe. Neste último caso, figurarán nunha soa etiqueta nas dúas linguas, en igual tipo de letra e tamaño.

#### Artigo 4. *Denominacións comerciais e científicas.*

1. A denominación comercial e científica da especie, a que se refiren os puntos 1 e 2 deste artigo, deberá se-la establecida por resolución da Secretaría Xeral de Pesca Marítima. Non obstante, no suposto de preverse na citada resolución determinadas denominacións xenéricas, os diferentes axentes económicos que interveñan na comercialización dunha especie poderán utiliza-la denominación comercial e científica reflectida naquela, co obxecto de destacar no mercado un determinado produto.

2. Toda vez que existe a posibilidade de que, nalgún caso, se comercialicen especies das cales as denomi-

nacións comerciais e científicas non figuren na resolución da Secretaría Xeral de Pesca Marítima, utilizarase unha denominación comercial provisional acorde coas súas características, acompañada da súa denominación científica mentres non se lle asigne unha denominación comercial definitiva.

A devandita denominación provisional deberalle ser comunicada no prazo de sete días á Secretaría Xeral de Pesca Marítima e ó órgano competente da comunidade autónoma que proceda.

#### Artigo 5. *Infraccións e sancións.*

As disposicións deste real decreto serán de utilización para os efectos da posible aplicación das normas sancionadoras que se conteñen na Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, e, se é o caso, na Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, e no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, sen prexuízo da aplicación das normas autonómicas dictadas no exercicio das súas competencias.

#### Disposición adicional única. *Normativa de aplicación.*

Os produtos regulados neste real decreto seralles de aplicación o disposto no Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba a Norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, e ós produtos ultraconxelados, a regulación contida no Real decreto 1109/1991, do 12 de xullo, polo que se aproba a Norma xeral relativa ós alimentos ultraconxelados destinados á alimentación humana, e o Regulamento (CE) número 2065/2001 da Comisión, do 22 de outubro de 2001, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 104/2000, no relativo á información do consumidor no sector dos produtos da pesca e da acuicultura.

#### Disposición transitoria única. *Réxime de determinados produtos.*

1. Durante un período de seis meses a partir da entrada en vigor do presente real decreto:

a) A denominación comercial de pota ou voador que se corresponde cos xéneros «Illex spp.», «Todarodes spp.», «Watasenia spp.», «Berryteuthis spp.», «Ommastrephes spp.», «Dosidicus spp.», «Nototodarusspp.», «Martialia spp.» e «Toodaropsis spp.», cando se utilice para produtos que se presenten non enteiros no mercado, poderá usarse coa denominación de calamar-pota ou calamar-voador.

b) A denominación das especies correspondentes a limandas, sollas e fletáns poderán se-las seguintes:

- 1.º Linguado-limanda.
- 2.º Linguado-solla.
- 3.º Linguado-fletán.

2. Os produtos conxelados e ultraconxelados etiquetados antes do 1 de xaneiro de 2002 poderán ser comercializados coa etiquetaxe obrigatoria nesa data, ata a data de consumo preferente indicada no envase.

#### Disposición derradeira primeira. *Habilitación.*

Por orde do ministro da Presidencia, por proposta conxunta dos ministros de Sanidade e Consumo e de

Agricultura, Pesca e Alimentación, constituirase un órgano colexiado competente para a proposta e elaboración das denominacións comerciais de especies pesqueiras, no que poderán participa-las comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro do establecido no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución española, relativo ás bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de decembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno  
e ministro da Presidencia,  
MARIANO RAJOY BREY

## ANEXO

### Zonas de captura e de cría

#### *Pesca extractiva*

Zona de captura	Definición da zona
Atlántico Noroeste.	Zona FAO n.º 21.
Atlántico Nordés.	Zona FAO n.º 27.
Mar Báltico.	Zona FAO n.º 27, III d.
Atlántico Centro-Oeste.	Zona FAO n.º 31.
Atlántico Centro-Leste.	Zona FAO n.º 34.
Atlántico Sudoeste.	Zona FAO n.º 41.
Atlántico Sueste.	Zona FAO n.º 47.
Mar Mediterráneo.	Zona FAO n.º 37.1, 37.2 e 37.3.
Mar Negro.	Zona FAO n.º 37.4.
Océano Índico.	Zona FAO n.º 51 e 57.
Océano Pacífico.	Zona FAO n.º 61, 67, 71, 77, 81 e 87.
Antártico.	Zona FAO n.º 48, 58 e 88.

#### *Pesca en augas doces e cultivo*

Tanto para os produtos pescados en augas doces como para os produtos cultivados, indícase o estado membro ou país terceiro onde se pescase ou cultivase o produto na súa fase final de desenvolvemento.

A indicación das zonas de captura, pesca en augas doces ou de cría pode facerse máis precisa por parte de calquera operador interveniente no proceso de produción ou comercialización dun produto, mantendo, en todo caso, a zona xenérica.

**92** REAL DECRETO 1383/2002, do 20 de decembro, sobre xestión de vehículos ó final da súa vida útil. («BOE» 3, do 3-1-2003.)

A Directiva 2000/53/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de setembro de 2002, relativa ós vehículos ó final da súa vida útil, ten por finalidade redu-

ci-las repercusións dos vehículos sobre o medio, establecendo para iso non só normas para a súa correcta xestión ambiental ó final da súa vida útil, senón tamén medidas preventivas que deberán tomarse en consideración desde a fase do seu deseño e fabricación. Todas estas medidas deben aplicarse garantindo os principios de libre competencia.

Este real decreto, que incorpora ó dereito interno a citada directiva, dítase ó abeiro do establecido nos artigos 1 e 7 da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, que facultan o Goberno, respectivamente, para fixar disposicións particulares relativas á produción e xestión de determinados tipos de residuos, e para impor obrigas e limitacións ós responsables da posta no mercado de produtos que co seu uso se convertan en residuos, de maneira que se facilite a súa reutilización, reciclaxe e valorización.

A necesaria cobertura legal desta disposición atópase, así mesmo, no disposto no capítulo I do título III da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, que, en materia de seguridade industrial, permite establecer limitacións ás actividades e produtos industriais que poidan ocasionar danos ó medio.

De acordo co anterior, establécense neste real decreto medidas preventivas desde a fase de concepción do vehículo, tendentes a diminuír e limita-la utilización de substancias perigosas na súa fabricación, así como a facilita-la reutilización, a reciclaxe e a valorización dos seus distintos elementos, para reduci-la afección ambiental producida polos vehículos. Concretamente, a limitación de utilizar substancias perigosas será máis esixente a partir do 1 de xaneiro de 2003, de conformidade coa Decisión da Comisión do 27 de xuño de 2002, pola que se modifica o anexo II da Directiva 2000/53/CE.

Constitúen determinacións prioritarias deste real decreto garanti-la recollida dos vehículos para a súa descontaminación en centros de tratamento especificamente autorizados, a correcta xestión ambiental dos elementos e compoñentes extraídos do vehículo e o cumprimento dos obxectivos de reutilización, reciclaxe e valorización establecidos pola Directiva 2000/53/CE.

A figura central deste proceso de mellora ambiental é o usuario, ó que se lle impón a obriga de entrega-lo vehículo ó final da súa vida útil —ben directamente ou a través dunha instalación de recepción— a un centro autorizado de tratamento que realizará a súa descontaminación. Para lle facilitar ó usuario o cumprimento desta obriga, e en aplicación do principio de responsabilidade dos produtores, estes deberán facerse cargo dos vehículos que lles sexan entregados da marca que comercialicen ou comercializasen, garantindo a suficiencia das instalacións de recepción.

Particular relevancia adquire a acreditación da fin da vida útil do vehículo e, conseguintemente, a súa consideración como residuo, da que se deriva a obriga de aplicar á súa descontaminación o réxime normativo sobre residuos perigosos. Por iso, a entrega do vehículo no centro de tratamento que realiza a descontaminación quedará documentada mediante o certificado de destrución emitido polo devandito centro, os requisitos mínimos da cal veñen determinados pola Decisión 2002/151/CE da Comisión, do 19 de febreiro de 2002, que así mesmo se incorpora neste real decreto.

Para evita-la contaminación dos elementos que integran o medio, incluído o solo, regúlanse tamén as operacións de descontaminación e demais operacións de tratamento, fíxanse ademais as condicións de almacenamento e establécense os requisitos técnicos que deberán reuni-las instalacións de recollida, almacenamento e tratamento (incluída a descontaminación) dos vehículos e dos elementos que os compoñen.